

Fóra de Portas


PUBLICACIÓN DO OBRADOIRO DE XORNALISMO DO I.E.S. «CONCEPCIÓN ARENAL» DE FERROL

PREZO: 1 €

MAIO DE 2010, Nº 22

SUBVENCIONA:
DIRECCIÓN XERAL DE
POLÍTICA LINGÜÍSTICA

Am gaeth i m-muir
Am fonn trethan
Am fuaim




IAGO POLO

CANCIÓN DE AMERGIN

Son o vento do mar
Son a onda de tormenta
Son o son do océano
Son o touro dos sete cornos
Son o falcón na cara do risco
Son a raiola do sol
son a flor bonita
son o xabaryl salvaxe
Son o salmón no lago
Son o lago na chaira
Son a palabra desafiante
Son a lanza de carga no combate
Son o deus que puxo o lume /
na túa cabeza
Quen fixo os camiños /
a través das pedras das montañas?
Quen coñece a idade da lúa?
Quen coñece onde o sol se pon?
Quen colleu o gando /
da casa do Corvo da Guerra?
Quen satisface /
ao gando do corvo da guerra?
Que lei, que deus creou as serras?
A palabra que curta, a palabra fría.

(canción tradicional irlandesa)


X
Certame
de
Poesía
e
Imaxe



MY SHADOW

I HAVE a little shadow that goes in and out with me,
And what can be
He is very, very
And I see him j

The funniest th
Not at all like p
For he sometim
And he sometim



RUBÉN GARCÍA

MI SOMBRA

A miña sombra é pequena e sempre vai connigo,
pero que facer con ela eu non o dou aprendido
É igualiña ca min, dos pés á cachola,
e cando salto para a cama, salta ao meu carón coma tola.

O máis sobranceira dela é o xeito que ten de medrar;
non o fai coma os rapaces, pouco a pouco sen parar,
porque ás veces coma un balón de goma estira,
e outras vólvese tan pequena que ninguén a mira.

Robert L. Stevenson (1850-1894)



XURXO PERNAS

把世界比作什么？

月光映入
在鹭喙上
晃动的露珠。

IMPERMANENCIA

A que debo comparar o mundo?
Á lúa, reflectida
nas gotas de orballo,
sacudidas nopeteiro dunha garza.

Dogen

FÓRA DE PORTAS, PUBLICACIÓN PERIÓDICA DO
IES "CONCEPCIÓN ARENAL" DE FERROL
NÚM. 22. Curso 2009/10

DIRECCIÓN

Manuel Rei Romeu

COORDENACIÓN

Bernardo Máiz Vázquez
Faustino Seco Penedo

FOTOGRAFÍA E GRÁFICOS

Iago Polo Ferreño
M^a Carme Rodríguez Tizón
Elvira Roiz Mesías

DESEÑO E MAQUETACIÓN

Elvira Roiz Mesías

COLABORACIÓN:

ALUMNADO

Tania García Deibe (E4^oC)
Adrián Anse de Taboada (B1^oC)
Yan Qing Chen Lin (B2^oD)
Aida Loira Fontenla (B2^oA)
Alberto Romero García (B2^oB)
David Rioboo Barba (B2^oD)
María Falcón Fernández (B2^oD)
Xián Alberte López González (B2^oD)
Helena Rodríguez García (B2^oD)
Iago Polo Ferreño (B2^oF)
Noelia Galdo Canosa (B2^oC)
Xulián García Rodríguez (B2^oE)
Beatriz Deus Bouzas (B1^oE)
María Yáñez Veiga (B2^oF)
Adrián Abeal Adham (B2^oF)
Xosé Carlos Yáñez Veiga (B2^oF)
Isabel Vivero Acción (B2^oE)
Andrés Agulla Mosteyrín (B2^oB)
Cristina Teijeiro Leiras (B1^oA-Adultos)
Anxos Fernández Aneiros (B2^oB-Adultos)
Isabel Novo Cancelo (B1^oB-Adultos)

PROFESORADO:

Delia Vázquez Vázquez
Bernardo Máiz Vázquez
Cruz Pena Penabaz
Ana Isabel Dopico Corral
Manuel Rei Romeu
Elvira Roiz Mesías

AGRADECIMENTOS: Persoal de Secretaría
e de Conserxería

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Manuel Rei Romeu /
Elvira Roiz Mesías

TIRAXE: 250 exemplares

IMPRIME: Imprenta SAN ESTEBAN, Perlío-Fene

EDITA: Obradoiro de Xornalismo do IES
"Concepción Arenal". R/ Cuntis, 1, Ferrol

DEPÓSITO LEGAL: C-1872-2008

ADVERTENCIA: Fóra de Portas non comparte ne-
cesariamente -aínda que as respecta as opinión
aparecidas nas páxinas deste número. (Por
suposto, tampouco compartimos moitas opinión
recollidas noutras revistas e xornais).

Pérmite a reprodución sempre que se
citar a fonte.

Peche de edición: 25 de marzo de 2010

FÓRA DE PORTAS

Año 2010

Número

22

Editorial

MANUEL REI

"PREVENCIÓN ANTE TODO"

Hai cursos que son máis dados ao desa-
sosego para todo o mundo. Cursos
nada doados que, por determinadas
inquietudes, marcan máis as nosas vidas.
Seméllanse máis a un longo túnel do que caro
custa saír. Están lonxe de calquera cousa que
se pareza á tranquilidade e ao benestar que
todos/as procuramos.

Desde "Fóra de Portas" queremos falar e re-
coller as preocupacións de toda a comunidade
escolar. O curso do desacougo, no que vai
andado, vivímolos todos de xeito semellante:
alumnos/as, profesores/as, e nais e pais. Qui-
zais uns máis que outros; pero todos. Se cadra,
o desacougo e a ansiedade teñen que ver coas
circunstancias meteorolóxicas que vivimos e
que afectan de diferente maneira a cadaquén.
Xa se sabe que nunca chove a gusto de todos.
Tamén que nunca choveu que non escampase.
Porén, non é de tópicos do tempo que que-
remos falar...

Queríamos só facer un pequeno balance. Co-
mecemos por dicir que durante todo este tem-
po non paramos de falar da crise e dos seus
efectos; non tanto das medidas económicas pa-
ra saír dela. Tamén inauguramos o curso e bo-
tamos parte del con alarmas case apocalípticas
sobre a gripe A. Foi motivo central de moitas
conversas; obrigou a adoptar unha serie de
medidas e protocolos. Os máis alarmistas che-
garon a agoirar máis de 50.000 afectados/as
na área sanitaria de Ferrol. Houbo algo, mais
non foi para tanto. A alarma foise esvaendo
como unha burbulla. De todos os modos,
prevención ante todo.

Co telón de fondo da crise, a ameaza de pro-
longar a xubilación aos 67 anos case nos de-
sestabiliza anímicamente. Neste curso consu-

mouse o apagón analóxico. A folga de fame da
saharauí Aminatu no aeroporto de Lanzarote,
fíxonos lembrar que a causa deste pobo segue
aínda pendente de resolver. Volveu a tremar a
terra. E de que maneira! Foi Haití, foi Chile,
en moi pouco tempo.

No noso país seguen fallando as previsións me-
teorolóxicas. Por alerta perante fenómenos
meteorolóxicos adversos, a Consellaría chegou
a suspender as clases de xeito non moi "xusti-
ficado". Non sabemos se están transferidas as
competencias neste eido; mais erran as do Es-
tado e as da Comunidade. A cicloxénese ex-
plosiva Xynthia, a denominada tormenta per-
fecta, foi a gota que encheu o vaso. Nesta
ocasión a Consellaría descargou toda a respon-
sabilidade de suspender as clases ou non nos
directores. Máis caos engadido, pero tampou-
co foi para tanto; resistimos.

Foi este o curso do Decreto de plurilingüismo
no ensino, para algúns "decretazo" que, entre
outras cousas, tivo a virtude de pór en pé de
guerra a grande parte da comunidade escolar
e de cidadáns galegos. Rompeuse un consenso
que existía e funcionaba desde había anos
arredor do Plan Xeral de Normalización. Ben
é certo que xurdiu un novo consenso mobili-
zador en torno á cuestión da lingua, dos nosos
dereitos, da nosa existencia e da nosa liberda-
de. As do dezoito de outubro de 2009 e as
de 21 de xaneiro de 2010 foron as maiores mo-
bilizacións pola lingua da nosa historia...

En fin, desde a redacción de "Fóra de Portas"
queremos expresar o noso agradecemento a
todas as persoas que colaboraron e axudaron a
facer posíbel que a revista do noso Centro siga
existindo. Resistiremos. Malo será!

Sumario

2. POESÍA E IMAXE

3. EDITORIAL / SUMARIO

4. OPINAMOS

5. DEPORTE

6-10. PROXECTO COMENIUS

11. ROTEIROS

12-13. ASTROLOXÍA

14-15. FILA CERO

16-17. CIENCIA

18-20. DINAMIZACIÓN E NOR-
MALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

21. RESEÑA LITERARIA

22-13. RECUNCHO LITERARIO

14-27. FERROL

18-34. CULTURA

35-36. MÚSICA

37. LIBROS / GASTRONOMÍA

38. ADIVIÑA QUEN FOMOS

39. CITAS CÉLEBRES

40-41. PASATEMPOS

42. BRINCADEIRAS / SOLUCIONARIO

43. HOMENAXE

43. DETRÁS DE "FORA DE PORTAS"



“Telebazofia”

ALBERTO ROMERO GARCÍA (B2ºB)



Xa

desde hai un tempo estamos asistindo a un dos máis bochornosos espectáculos, cunha sensación de asombro, impotencia e vergoña allea a partes iguais.

Refírome ao circo que temos montado nas televisións principalmente nas privadas. O exemplo máis alarmante protagonizao a cadena Telecinco, que parece non ter suficiente con emitir programas do corazón con pelexa en directo incluída en horario superprotexido, nin con facer a duodécima edición de “Gran Hermano” (algo que só sucede en España); nin sequera con volver emitir corridas de touros (cos seus resúmenes nos informativos). Dedicábase a buscar o morbo alí onde haxa unha desgraza.

Un exemplo: 20 de agosto de 2008, accidente dun avión de pasaxeiros da compañía Spanair no aeroporto de Barajas. O programa de Telecinco “Está Pasando” (felizmente desaparecido) quedou ben a gusto, ou polo menos iso parece. Cando nin sequera se apagara o incendio do avión, este programa xa empezara a sacar as súas propias hipóteses, como que se o avión era vello ou que o piloto non estaba capacitado para pilotalo (causas imposibles de causar un accidente, por certo), pero que deixaban esas “dúbidas” para ser

resoltas polas “Caixas Negras”. En que se baseaban entón para lanzar esas hipóteses? En nada.

Pero non acaba aquí a cousa. A este e outros programas similares non se lles ocorreu mellor forma para conseguir audiencia que repetir, unha e outra vez, as imaxes do accidente, centrándose nos momentos de maior sufrimento e morbo, até tal punto que os familiares das vítimas tiveron que protestar para pedir respecto pola súa dor, e para que o acoso para conseguir información dos familiares cesase. Pola contra, os servizos informativos

informáronos dunha maneira eficaz, sen recrearse no sufrimento.

E todo isto motivado pola desproporcionada ambición duns cantos; sen ningunha ética nin consideración. Logo veremos queixarse ao Ministerio de Educación do fracaso escolar. Eu non me extraño, xa que parece que aos nenos de agora os están a educar Belén Esteban e Jorge Javier Vázquez. Cando se acende a televisión en horario infantil, son eles os que aparecen.

A “telebazofia” non inventou nada novo. O gusto polo morbo e o “cotilleo” das vidas alleas vén de lonxe, pero este tipo de programas de “entretenemento” multiplica os efectos negativos e a idiotéz nas masas. É como un cancro que se vai estendendo e afectando outros espazos e cadeas.

E sí, chámoo “telebazofia”, porque co término “telelixo” sería demasiado xeneroso, porque como todos sabemos, a basura pódese chegar a reciclar, e a bazofia, non.

“ Este tipo de programas (...) multiplica os efectos negativos e a estupidez das masas. É como un cancro que se vai estendendo... ”





Entrevista a PATRICIA DA ROCHA

IAGO POLO FERREÑO (B2ºF)



BODYBOARD É UN ESTILO DE DEPORTE PARECIDO AO SURF, XA QUE CONSISTE EN ESVARAR POLO MAR COA FORZA DAS ONDAS. A TÁBOA É DIFERENTE DA DE SURF, MÁIS CURTA E FEITA DOUTROS MATERIAIS MÁIS FLEXIBLES E, POLO TANTO, CON MENOS TENDENCIA A ROMPER.



Patricia nunha imaxe baixada do blog de Kako García

HOXE ENTREVISTAREMOS A PATRICIA DA ROCHA, CAMPIOA GALEGA DESTE DEPORTE. ELA CURSA SEGUNDO DE BACHARELATO NESTE INSTITUTO.

— **Bos días Patricia, cóntanos: como te iniciaches neste deporte?**
— Eu ía á praia e vía facer surf e bodyboard a moita xente e gustábase! Díxenlle a miña nai que me gustaría facer bodyboard, e apunteime sen dubidalo cando ela me dixo que si.

— **Cales son as túas praias favoritas para practicalo?**
— Cando vou a entrenar imos á praia onde haxa mellor condicións para facer surf. Pero a miña praia favorita é Doniños, cando hai boas ondas encántame. Tamén me gustan praias como Ponzos, Esmelle... Ás veces, cando o mar esta moi grande imos a Viveiro e de por alí gústame A Machaca que é unha praia de rochas e hai unhas ondas xeniais!

— **Cantas veces adestras á semana?**
— Adestro tres veces: os mércores, venres e sábados no inverno e verán. No inverno cústame moito porque vai moito frío, chove... pero por ir á praia fago calquera cousa! Pero ás veces vou á praia co meu adestrador, cos meus compañeiros de surf a surfear por libre.

— **Logras compaxinalo cos estudos?**
— Si. Hai veces que teño exames e, se son moi duros, non vou á praia. Pero hai outras que tendo exames vou igual, porque así distraíome, non penso tanto nos estudos e reláxome.

— **Por que te decantaches por este deporte?**
— Gústame moito estar en contacto coa natureza, co mar; sempre me gustou moito a praia. Ademais, facer surf reláxame, encántame coller olas e non pensar en nada, só pensar en facer o mellor que poida.

— **Conta con moita participación en Galiza?**
— Si, aínda que non hai moitas rapazas que fagan bodyboard. Pero o que é o surf si. Hai rapaces e rapazas que fan surf, pero de bodyboard hai moitos máis rapaces que rapazas.

— **Como portuguesa, resultouche difícil o estudo e aprendizaxe do galego?**
— Si. Cando cheguei a España, resultoume moito mais difícil o galego que o castelán. Aínda que son moi parecidos, resultoume difícil. Pero pouco a pouco fun aprendendo e agora non teño problemas, son como unha persoa de aquí, aínda que en casa falo portugués cos meus pais.

— **Houbo moita participación nos campionatos?**
— Si, pero como xa dixen antes, non hai moitas rapazas que fagan bodyboard, na minha categoría. A min encántame ir aos campionatos, sentir esa competencia e estar con toda a xente do campionato.

— **Resultouche duro chegar a ser campioa de Galiza? Sempre é un pouco duro, non, he, he?**

— Non sei... Eu cando estou nun campionato só penso en facer o mellor que sei. E grazas aos meus esforzos, e con todo o que sei puíden chegar a ser campioa galega o ano pasado e este ano. Este ano tamén me clasifiquei como cuarta de España. E espero que esta nova tempada, que empeza agora, poida conseguir mellores resultados.

— **Moitas grazas, Patricia, e moita sorte!**

LIFE IN HARMONY WITH NATURE

VIVIR EN HARMONÍA COA NATUREZA

Desde 2008, o IES “Concepción Arenal” colabora no proxecto Comenius “Life in harmony with nature” (Vivir en harmonía coa natureza), cuxo obxectivo é a promoción dun estilo de vida saudable, así como o coñecemento das diferenzas e semellanzas culturais entre os diferentes países participantes, onde teñen lugar encontros de traballo. Alumnos e profesores do noso centro visitaron xa Inglaterra, Turquía, Estonia e Irlanda, catro dos cinco destinos do proxecto.



Education and Culture

Lifelong learning programme COMENIUS



Profesores(arriba) e alumnos (abaixo) implicados no proxecto Comenius.



Viaxe a INGLATERRA

ISABEL VIVERO ACCIÓN (B2ºE)



A pouco para o día 3 de marzo, os membros do proxecto xa coñecido do instituto (somos os responsables das pegatinas de “Apágame” e os que vamos por aí preguntando se alguén quere aloxar a un estranxeiro, por se aínda non vos ubicades), atopámonos ultimando detalles para a visita dos membros dos demais institutos europeos participantes. O encontro durará até o domingo, e xunto coa presentación de proxectos de profesores e alumnos, agardamos para facer que pasen unha magnífica experiencia con nós e admiren a zona con excursións (obrigadas, iso si) á Coruña, Santiago e Ferrolterra (castelos incluídos, creo recordar). No grupo do que formo parte, en particular, ocupámonos do percorrido polo instituto que lles faremos os profesores o primeiro día, a real modo de guías turísticos, coa intención de presentarles un pouco as instalacións e como funciona o noso sistema educativo.

No encontro na North Halifax Grammar School (Inglaterra) do ano pasado, no que tiven a sorte de participar, paseáronos (entre clases, actividades e presentacións) dende as aulas de coíña até a cafetería, e a verdade é que me

pregunto se a eles lles parecerá igual de curiosa a nosa forma de funcionar e verse durante uns días nun instituto cunha morea de xente movéndose polos corredores coa mesma eficiencia e actitude que no teu, pero que, polo xeral, nin entende nin fala o

teu idioma.

Se viaxar adoitase ir desmentir tópicos, a verdade é que Halifax parecía saído da postal mais típica do mundo... Edificios de ladrillo todos da mesma cor cun pequeno xardín que dan a enormes pradeiras (cunha

cantidade asombrosa de ovelas) e unha herba que parece céspede, con valos, como é de supor.

Tamén nos levaron a Thornton, un pobo veciño, a visitar a casa-museo da familia de escritores Brönte, e mesmo a York a visitar as murallas e a catedral (bonitas vidrieiras, por certo, pero espero que os que coma min repitan encontro opinen que a de Santiago ten máis encanto).

“Halifax parecía saído da postal máis típica...”

Foi unha verdadeira fábrica de recordos de cinco días. Espero que os nosos visitantes disfruten tanto coma eu o fixen, mentres o proxecto “Life in Harmony with nature” segue adiante recordándonos que e posible colaborar para facer iso mesmo cuidando á vez do medio ambiente e da nosa saúde.



Paseando por York (North Yorkshire)



Imaxe do encontro na North Halifax Grammar School (West Yorkshire)





Saída ás 5:00 da mañá; unha vez chegamos á Coruña, ás 6:40, preparámonos para voar até Madrid. Ás 8:15 aterramos no aeroporto de Barajas e facemos tempo até as 10:30, hora de saída a Estocolmo: aquí comeza a verdadeira viaxe. Chegamos, por fin, á capital de Suecia. Instalámonos nun hotel e saímos para perders nos polas rúas e coñecer esta preciosa cidade. Volvemos ao hotel despois de cear e descansamos. Á mañá seguinte temos que madrugar e saír rumbo a Estonia. Cando chegamos alí, fomos encontrarnos cos demais compañeiros da viaxe: alemáns, turcos, irlandeses, ingleses e estonios. A noite na que chegamos, fomos directos ás casas das familias que nos acolleron, pois non houbo tempo pra máis. En Pärnu estivemos dous días: ensináronnos o colexio, os parques máis importantes

e tamén algúns monumentos. Os países visitantes tivemos que presentar os datos do traballo levado a cabo co podómetro na ESO, unha das tarefas que fixemos o grupo Comenius.

O seguinte lugar para visitar foi Kehtna: aquí estivemos o resto do encontro, e fixemos cousas moi parecidas ás de Pärnu.

Tocounos presentar un vídeo sobre Ferrol, o cal gustou moito.

O último día fixéronnos unha festa de despedida onde a xente podía mostrar e ensinar bailes típicos de cada país ¡Pasámolo moi ben!

No momento da despedida sentín mágoa: vías a todos os compañeiros dicíndoche 'adeus' cun sorriso, todos encantados de coñecerte.

Volvería a repetir; foi unha viaxe inesquecible. Unha viaxe, como din aló, a 'un país do norte co corazón aberto'.




“ Foi unha viaxe inesquecible. Unha viaxe, como din aló, a un país do norte co corazón aberto.”



Encontro en FERROL

ISABEL VIVERO ACCIÓN (B2ºE)



Parte dous. Digo, porque dubido que alguén non se enterase de que había estranxeiros no Instituto. Non sí? Tanto acreditado con bandeiriñas falando inglés polos corredores adiante algo había chamar a atención...

O encontro foi todo un éxito. Máis incluso polo moito que o disfrutou todo o mundo e porque todo saíu tan ben que porque se acadaron todos os obxetivos: as postas en común das campañas tanto de alimentación como enerxéticas (das que todos sufrimos carteis) deixaron claro a efectividade das mesmas, incluso nos países do norte. As fotos que amosaron as profesoras estonias sobre o instituto cuberto de neve, case facía impensable o aforro que lograron.

Se todos o pasaron a metade de ben ca nós (que parece que si), os españois nos podemos dar por satisfeitos, porque a pesar das xuntanzas, traballos e do curto do tempo (foron cinco días que pasaron realmente rápido), abundou para garantirlles unha boa experiencia en Ferrolterra. Os días mais

movidos foron o xoves catro e o sábado, xusto antes e despois das viaxes de ida e volta.

O día tres, mentres os alumnos de fóra asistían a algunhas clases cos seus anfitrións, outros, como xa anunciáramos, paseamos ós profesores polo centro, e despois asistimos todos ao "Welcome Show" onde o noso director lles deu a benvinda e polo que non nos cansaremos de agradecer os membros do grupo de teatro e os demais alumnos que participaron, e, en xeral, a todos os que nos axudaron a preparar as cousas para ese importante día.

Despois dun paseo polo centro (ruta Instituto - Cantóns - Amboaxe - Armas), asistiron ao recibimento do alcalde e a Concelleira de Educación e Cultura na Casa do Concello, e despois de comer na nosa coñecida cafetería visitaron as praias, castelos, e todas esas cousas que é obrigado ver cando se vén á nosa Terra. O venres a visita foi ás fragas do Eume, e o prato forte foi o sábado coa excursión a Santiago e á Coruña.

A capital de provincia foi o noso primeiro

destino, interesante visita aos tellados da catedral incluída, e, sobre todo, tempo libre dabondo para que cada quen poidera descubrir e gozar da cidade pola súa conta (había moito que ver e moitos agasallos que mercar), e mesmo comemos de residencia universitaria antes de coller o bus de novo, camiño a visitar a Torre de Hércules (choveu un pouco, aínda que o tempo se portou ben o resto da viaxe) e o centro da outra cidade antes de ir a cear todos xuntos.

Os estranxeiros pareceron quedar particularmente fascinados pola fermosa A Coruña, da que marchamos xa de noite con todas as luces acendidas e un marabilloso recordo do tempo compartido.

“ Os estranxeiros pareceron quedar particularmente fascinados pola fermosa A Coruña, da que marchamos xa de noite con todas as luces acendidas e un marabilloso recordo do tempo compartido. ”

